

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/10/2022	GOB16I0HK
6Q5C0R2P4E2L072Q08Z0	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O DEZ DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

NON ASISTE:D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO**SR. INTERVENTOR ACCTAL.:**D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA**SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:**D/D^a M^a ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

Na casa do Concello de Narón, ás 12:00 do dez de outubro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa, réunese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretaria M.ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1 °.- PROPOSTA SOBRE O TRATAMENTO INTEGRAL DO SERVICIO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE NARÓN (SPEIS).. -

Lida pola secretaria substituta a proposta que di así: O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao amparo do disposto no artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento das Entidades Locais solicita, coa sinatura preceptiva dun mínimo da cuarta parte dos concelleiros desta corporación, a convocatoria urxente dun **PLENO EXTRAORDINARIO** cunha Orde do Día na que se inclúan os seguintes puntos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 5 de febreiro de 2015, logo de ter rematada a vixencia do convenio asinado no seu día co Concello de Ferrol para que o Parque de bombeiros desa cidade dese servizo a Narón, o Concello de Narón puxo en marcha o Servizo Municipal de Emerxencias, Protección Civil, Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (o actual **SPEIS**), que se rexe polo Regulamento publicado no BOP núm. 149 de 7 de agosto de 2018.

Dende o inicio do funcionamento deste servizo, os profesionais que traballan nel veñen poñendo de manifesto diversas deficiencias no seu funcionamento que, inicialmente, foron suplidas polo desempeño destes profesionais pero que se foron agravando co paso do tempo sen que dende o Concello se adoptase solución algunha.

As devanditas deficiencias víronse agravadas polos problemas na carencia de bombeiros e na falta de dirección, logo da marcha da metade do persoal ante o clima de inseguridade no que desempeñaban as súas funcións.

O regulamento polo que se rexe este servizo xa presentaba unha importante eiva no que se refire ao número mínimo de efectivos por quenda de traballo, ao establecer ese mínimo en dous máis un, non bombeiro en ocasións, número que podería considerarse razoable cando estaba en vigor o convenio co Concello de Ferrol; no que se realizaban tarefas “**AUXILIARES**” ou para intervencións “**MENORES**” pero que se demostrou claramente insuficiente ante situacións de maior risco, como a que vimos de padecer hai pouco tempo no incendio industrial do polígono das Lagoas e noutras moitas ocasións nas que se chaman aos bombeiros fora da súa xornada de traballo.

Pero é que, ademais, este servizo mantense en mínimos permanentes de maneira continuada e con prazas imprescindibles vacantes no seu persoal, feito este xa coñecido polos responsables do Concello e que, ata o de agora, non se ten resolto. Tampouco se cumpre o previsto na normativa de prevención de riscos laborais, tanto nas instalacións que empregan estes traballadores como no que fai referencia á formación e procedementos que se lles deben transmitir, así como na inexistencia de equipo **SOS e RECURSO PREVENTIVO** (por falta de efectivos), como tamén se lle ten posto de manifesto aos responsables municipais e á xefatura do servizo, e que segue sen terse emendado ao longo destes anos.

TEGA renunciou a seguir co convenio co Concello de Ferrol e estableceu un servizo que, por estar mal planificado dende un principio, funciona mal e pon en risco aos seus traballadores, á propia veciñanza e ao patrimonio das persoas e das empresas asentadas no termo municipal, por non contar cos medios persoais e técnicos suficientes para atender as emerxencias que poden xurdir nun concello como Narón, con tres polígonos industriais con empresas importantes asentadas neles que precisan que, no caso dunha emerxencia, os servizos de extinción poidan actuar nas condicións máis axeitadas de seguridade para a veciñanza e os seus propios traballadores. Recordar que o plantel debe estar dimensionado e ser axeitado ás tarefas coas que debe cumprir.

A situación na que se atopa agora mesmo o **SPEIS** entendemos que é moi perigosa e perceptiva de responsabilidade, non só polas carencias de persoal e pola súa deficiente dotación dende os seus comezos (feito que se arrastra dende o nacemento do servizo pola falta dos informes técnicos previos que determinasen as necesidades de persoal para que o servizo puidese funcionar nunhas condicións óptimas de seguridade), senón tamén polos reiterados incumprimentos da normativa de prevención de riscos laborais, dos que cabe responsabilizar ao Concello como entidade da que depende o servizo e os seus traballadores. Pero, ademais, hai que ter en conta os requisitos establecidos polas normativas específicas en materia de instalacións e mantemento de extinción de

protección contra incendios, non cumpridos tal e como se amosou hai apenas unas semanas en relación o regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

PROPOSTA DE ACORDOS

1.- Iniciar os trámites pertinentes para a **modificación do regulamento vixente do SPEIS**, encargando a realización dun estudo técnico no que se teñan en conta as necesidades específicas dun concello como o de Narón cunha poboación aproximada de 39.000 habitantes e tres polígonos industriais, sobre todo (pero non de xeito exclusivo) revisando as necesidades de bombeiros que precisa o servizo para un óptimo desempeño das funcións que lle atribúe o vixente regulamento, así como a súa correcta avaliación do posto de traballo, tal e como xa foi posto de manifesto ante o Concello polo propio persoal en repetidas ocasións.

2.- Que se convoque de maneira inmediata a cobertura das **prazas** precisas para cumprir cuns mínimos axeitados á lexislación en materia preventiva vixente mediante procesos selectivos de bombeiros públicos e non por bolsas temporais con requisitos xerais, así como as restantes prazas de dirección que sexan necesarias para o correcto funcionamento do servizo. Mentres tanto, para garantir axeitadamente a seguridade, deberíase valorar a planificación dos cuadrantes e axeitar o número de profesionais por garda ata a incorporación dos novos ingresos. Así mesmo sería favorable valorar convenios de reciprocidade co Concello de Ferrol para que os bombeiros do parque municipal de Ferrol colaboren cos profesionais do SPEIS ante as diversas anomalías que se poidan presentar en calquera dos dous servizos.

3.- Que se faga cumprir a normativa, en especial a de prevención de riscos laborais dos traballadores públicos do Concello e, especificamente, do persoal do **SPEIS** pola súa maior exposición que deriva das súas especiais funcións, das instalacións nas que se sitúa o seu parque, na materia formativa e na dotación dos mínimos permanentes adscritos a cada quenda.

4.- Logo de terse comprobado no último incendio industrial ocorrido no noso concello hai poucos días a pouca operatividade dos dispositivos de abastecemento de auga no polígono das Lagoas, e que xa pedira o noso grupo que se actuara sobre este aspecto nunha moción presentada en xullo de 2021, reiterar esa petición e, así, instar ao concello a que leve a cabo un estudo exhaustivo da cantidade de dispositivos de abastecemento (hidrantes), así como a súa sinalización, que se precisa nos polígonos das Lagoas, da Gándara, Río do Pozo e en todos os barrios da cidade.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: bo día.Grazas, Sra.alcaldesa.

Bueno, o noso grupo presentou esta solicitude de pleno extraordinario, porque estamos vendo que no concello de Narón están a suceder cousas moi graves, no. E ponse en perigo a vida das persoas e dos propios traballadores do SPEIS ou bombeiros, como se lles queira chamar. Así como o patrimonio das persoas e dos empresarios que teñen asentadas as súas empresas no Concello de Narón. Por ter un goberno incapaz de xestionar un servizo tan importante como é o de emerxencias, prevención e extinción de incendios e salvamento dos SPEIS. Narón é un concello de casi 40.000 habitantes e sendo un dos municipios da zona Norte de Galicia, con máis extensión de

terreo industrial, contando con 3 polígonos industriais, non pode ter un servizo en precario como está ocorrendo na actualidade.

No ano 2015, TEGA renunciou a seguir cun convenio co Concello de Ferrol por un capricho político, si, si, por un capricho político. Sen un análise das necesidades do servizo. En agosto do 2018, se publicou no Boletín Oficial da Provincia, o Regulamento de Organización e funcionamento deste servizo, baseándose exclusivamente nun informe económico. Carece dun estudo técnico onde debería valorarse as necesidades deste concello pola súa ordenación urbanística, a súa poboación e polo asentamento de empresas e polígonos industriais. Hai unhas deficiencias graves neste servizo que nós vimos denunciando dende hai tempo. Falamos dun servizo en precario en canto a medios humanos, así como na situación de hidrantes que temos, polígonos que carecen deso. Aínda que é certo, que nos quixeron dar a entender que nós naquel pleno do ano 2021, non cremos ese informe que nos presentaron, nos quixeron dar a entender que si había hidrantes en todos os polígonos, e que a pena é que temos que esperar a que haia un sinistro para darse conta de que non había uns hidrantes.

Así é como se funciona e como se está xestionando este servizo dende o grupo con responsabilidades políticas que temos neste concello. Eso é triste, eh. É penoso.

Non respectan aos veciños nin se toman un servizo tan importante como este en serio. Esa é a realidade.

Voulle a facer unhas preguntas para que o Sr. Román, que creo que é o portavoz, que me conteste se é posible:

Quen dirixiu a intervención no incendio no Polígono das Lagoas?

Quen vai ser o responsable de tardar máis de 40 minutos en mobilizar os reforzos do Concello de Ferrol?

Canto tempo, sabe vostede ou a presidenta deste goberno, que lles pasaron información de que o polígono das Lagoas estaba en precario cos hidrantes?

Vai poder contestar a estas preguntas?

Nós o que temos claro é que con este servizo é necesario tomar medidas urxentes.

Hai 4 puntos, aos que acaba de dar lectura a secretaria da mesa e que nós, insistiremos en que eso ten que cumprirse. Ten que saír hoxe de aquí aprobado, se non imos pedir responsabilidades políticas e todo o que corresponda.

Non podemos saír deste Pleno sen que se acorde unha modificación do Regulamento vixente dos SPEIS, non podemos seguir permitindo que se siga poñendo en perigo a vida dos propios traballadores do corpo de bombeiros, nin a vida dos cidadáns que viven en Narón, e dos propios empresarios. Teñanno claro, vostedes. Que isto é moito máis serio do que vostedes pensan e cren.

E o punto 2, tampouco podemos entender que non se cubran as prazas, que están vacantes e aquí explicamos como queremos que se cubran, porque ten que ser a legalidade, non pedimos cousas fóra do normal. Pedimos a normalidade da legalidade.

E o punto 3, que é moi importante tamén, porque todos os puntos son importantes, pero o 3 é moi importante, que se faga cumprir a normativa, en especial de prevención de riscos laborais, dos traballadores públicos do Concello e especialmente dos SPEIS, que son os que máis deficiencias teñen neste servizo.

E logo o punto 4, que creo que tamén é moi importante que fagan un estudo como corresponde dos hidrantes, que son importantes en cada polígono industrial e das zonas da poboación ou dos cascos urbanos onde sexan necesarios e, sobre todo, que estean revisados e que se lles faigan o mantemento correspondente. Porque tamén me gustaría que me contestara dos poucos hidrantes que hai públicos, cal foi a última revisión que tiveron?

A ver se é capaz de contestarme. Nada máis. E moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: bo día a todas e todos. Hoxe estamos nun pleno que seguramente ninguén dos que estamos aquí quereríamos facer por diversos motivos. O noso é porque agardamos, esperamos que dende aquí sexa un punto de inflexión para unhas negociacións que continúen ou que comecen pero que se chegue aos acordos e ás necesidades que se leva reclamando dende o corpo de



bombeiros de Narón dende hai moitísimo tempo, porque ao final, é un servizo que salva vidas onde todos e todas somos partes implicadas e defendendo a eles somos conscientes dende o Bloque Nacionalista Galego que nos defendemos a todas e todos nós. Decíamos non sei hai canto tempo, cando pasou o incendio das Lagoas, preguntamos polos hidrantes porque a nós se nos enviou un informe que eu mesma me creín que era certo, sobre os hidrantes que había nese polígono e o que descubrimos foi que había un concelleiro que non distinguía entre bocas de rego para regar tomates, grelos, patacas a hidrantes. Entón claro, ante esa imposibilidade e a resposta que nos deron en nota de prensa cando íamos a responder xa vimos que o propio corpo de bombeiros respondía directamente no, entroutras cousas, para que gardasen esas facturas. Non é normal no; nós fixemos unha serie de preguntas no pleno anterior, se nos dixo que se nos ía responder no vindeiro pleno que resulta que é antes do esperado, non sei se o imos a facer, tamén é verdade que as preguntas que fixemos sobre o tema as fixemos por escrito no Rexistro, así que tamén esperamos que se nos responda pero claro, preocúpanos e se dende o grupo de goberno se é coñecedor que todo o 2022 se estivo traballando en mínimos. E motísimas outras reivindicacións que levamos pedindo e preguntando hai tempo. Tamén nos preocuparía que se nos respostara cun informe técnico, ao mellor de hai uns anos, porque algo é o “modus operandi” que estamos vendo que se fai dende o grupo de goberno en moitísimas ocasións, no, escudarse nun informe técnico cando ao final tamén hai decisións políticas porque ao final en política tamén hai que decidir se se está coas persoas traballadoras e os seus dereitos ou no. Nós temos claro que estaremos coas persoas traballadoras sobre todo, cando piden máis pesoas por quenda para a seguridade de todas e todos. E estaríamos de acordo, por exemplo, como ten dito nalgunha ocasión o Partido Popular de ter un convenio con Ferrol pero para iso teñen que darse as circunstancias de que os bombeiros de Narón teñan as mesmas condicións que Ferrol, que non teñen.

Houbo un incendio nas Lagoas onde había moitas persoas, que se achegaban preocupadas e que lles botaban en cara que había moitos camións de bombeiros, é verdade, temos moitos camións de bombeiros pero resulta que por quenda hai un xefe de dotación, un bombeiro conductor e un bombeiro por moitos SPEIS, que fan falta tamén no servizo, por suposto, persoas de protección civil pero todas e todos sabemos que non todo o mundo está capacitado para coller unha manguera e rescatarnos dun incendio. Por eso, nos parece que esa reclamación é necesaria e que é necesario facerlles caso.

Queremos como oposición porque cremos que é o noso dereito, que nos deran a coñecer dende o goberno as fichas de avaliación do servizo ou os seus partes diarios que ten que facer o SPEIS. Creemos que é necesario para saber se se están cumprindo as condicións ou no.

E simplemente tamén nos gustaría que se escoitara máis de unha vez, todo o que están reclamando os bombeiros de Narón, que unha vez máis teñen que saír na prensa, teñen que facer... non creo que sexa doado, para ningunha persoa ter que estar a reivindicar e poder traballar con seguridade. Por moito que se nos diga que en Narón, en todos os servizos se traballa con seguridade, temos exemplos agora mesmo, de que non é así.

Nós, repito, queremos darlle as grazas, ao SPEIS e ao corpo de bombeiros por todo o traballo que realizan pero si que cremos que temos que cumprir no, coa prevención de riscos laborais e facer unha serie de cuestións, non traballar en regulamentos obsoletos como o pleno pasado, por certo, tamén houbo, falabamos de regulamentos para campamentos exclusivos que son obsoletos, que non axudan para avanzar en pleno século XXI en cousas, e aparte de todas esas preguntas que temos presentado gustaríanos saber que traballos preventivos se acometeron dende a fundación do SPEIS, dende o seu departamento de prevención en materia de bombeiros, onde están os informes técnicos sobre a necesidade de hidrantes, rutas de acceso para os distintos vehículos do SPEIS, revisións das instalacións de antiincendios dos edificios municipais e recordemos que hai prazas que están cubertas ou non están cubertas, tampouco sabemos casi nada porque non temos

información suficiente para poder decidir se realmente o seu traballo é correcto ou no. Temos a información que nos di o propio corpo de bombeiros, que consideramos auténticamente veraz. Pasou unha situación complicada nun incendio, pode pasar a semana que ven, pode pasar dentro duns meses e cremos que hai que poñerlle solucións ás cousas. Eu non me vou meter na fe de ninguén pero hai unha semana, no, o Concello de Narón, o grupo de goberno ía a unha misa, como acto institucional, para logo condecorar persoas e está ben, ao mellor ídelles pedir a través da vosa fe que non haxa incendios en Narón. Tamén o fai a Xunta de Galicia todos os anos, lle pide ao Apóstol o 25 de xullo, voulles decir que logo arde Galiza dun lado ao outro, non, é así, nós cremos que hai que separar as administracións das crenzas de cada quen e traballar porque ao César o que é do César, a Deus o que é de Deus e ao pobo o que é do pobo. E o grupo de bombeiros de Narón é do pobo.

Entonces por favor, actúen con responsabilidade.

-Sr. Romero Franco: bos días a todas e a todos.

Sempre quixemos unha cidade cos servizos que Narón merece, e cada unha das decisións que se tomaron, se toman e se tomarán sempre, será para materializar eses obxetivos que sempre nos marcamos.

Unha decisión importante que se tomou hai uns anos, debido a que entendíamos que o servizo de extinción de incendios ao que estábamos acollidos non cumpría coas expectativas mínimas para a nosa cidade, foi crear o noso propio parque de bombeiros, co fin de mellorar os servizos e así facer unha aposta clara e decidida do que se quería para Narón.

Queremos destacar que unha cidade de características similares como pode ser Arteixo, que conta con un servizo similar ao noso, está totalmente financiado pola Xunta e a Diputación, cando no noso caso, está totalmente financiado por fondos propios.

Como todos os principios, créase o Servizo de Speis con un gran esforzo de moitas persoas que apostaron por el, dende os bombeiros, xefatura e políticos, que remaron todos na mesma dirección para conseguir o que a día de hoxe é o no Servizo de Speis.

Temos que agradecer ese esforzo que todas e todos fixeron, en condicións que non eran as máis adecuadas, e que sen importar absolutamente nada, souberon cumprir coas expectativas que se tiñan.

Era a nosa responsabilidade asegurar e mellorar as condicións de todas esas persoas, e este concello púxose a elo, consolidou os postos de traballo, mellorou os medios materiais, e quixo consolidar un servizo novo no que éramos conscientes que tiñamos que ir mellorando pouco a pouco.

Para isto, sendo coñecedor todas as partes, tivemos que esperar 2 anos para cambiar as condicións laborais, non se permitía antes, aínda así, aumentáronse 4 postos de bombeiro conductor, aos 2 anos, subiuse o específico, seguiu mellorando os medios materiais e intentouse con reunións periódicas mellorar o propio funcionamento do servizo.

Tras varias negociacións as que entendíamos que se chegara a un acordo, decídese levar á mesa de persoal, unha solicitude acordada, na cal, se negocia e aproba unha mellora nos postos de traballo.

O regulamento deste concello regula que o número de bombeiros por quenda seña de 3, coma o 90% dos parques de Galicia, a non ser que estén disfrutando de vacacións, asuntos propios, baixas o algunha circunstancia, o número de bombeiros por quenda é de 4, un xefe de intervención neste momento pendiente de cubrir, un axudante e a propia xefatura.

Somos conscientes de que todos os servizos, incluído un servizo coma este, son susceptibles de mellora, e o noso propósito é levalo a cabo. Entendemos como parte da nosa responsabilidade como cargos políticos deste concello, a permanente revisión e mellora de todos os regulamentos internos deste concello, e como non podía ser doutra maneira do que tratamos especificamente. As circunstancias de poboación, distribución xeográfica, aumento do solo industrial, zonas de risco, non se modificaron nos últimos anos, polo que entendemos como vixente e non prioritario de modificación o regulamento creado no seu momento.



Todas e todos os traballadores son coñecedores de que no Ope ampliada 2022 cotemplábase sacar 4 plazas e que este mes está programado aprobar as bases do dito procedemento.

Por outra banda, cabe destacar a estreita colaboración co parque de bombeiros do municipio veciño, dado que a relación é de colaboración é nas dúas direccións, de feito en numerosas ocasións, Ferrol contou coa dispoñibilidade de algún vehículo do noso parque. Sempre que se necesitou a colaboración tanto dunha parte como pola outra, faise efectiva.

Pola nosa parte, estase a levar a cabo o Plan de Prevención de riscos laborais do Concello, que inclúe avaliación de riscos laborais de instalacións e desempeño de bombeiros.

Formación sobre riscos do posto de traballo.

Equipos de protección individual, se entregan, comunicando as instrucións e formas de uso.

Vixilancia da saúde, revisións anuais.

Somos conscientes de que todo é mellorable, pero é palpable e se demostra a intención por parte desta administración.

Recalcamos a importancia de ir mellorando pouco a pouco os nosos servizos, pero queremos destacar con cifras, as seguintes actuacións:

No período de 2021/2022, colocáronse un total de 15 novos hidrantes (Vivendas da Mariña, San Xiao, O Val, Malde Vizoso, Río do Pozo, polígono de A Gándara e Avenida da Solaina).

Narón conta cun total de 206 hidrantes, sen contar as bocas de rego (577)

E iso demostra o traballo e esforzo que se está a levar a cabo pola nosa parte. Por aclarar varios puntos dos que se dixeron nesta primeira intervención, o informe acerca das bocas e dos regos é un informe de Cosma. Asegúrolle que non é responsabilidade do concelleiro, que non sepan interpretar ese informe.

E é por todo isto que imos a votar en contra de estes puntos que aquí se traen.

Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, Sr.Román, paréceme moi ben o seu discurso porque é un discurso a toro pasado, é decir, unha vez que se lles piden as cousas din que as van facer pero tardaremos 2 ou 3 anos en facelas, como pode ser co aparcamento do novo centro de saúde, no.

Entonces neste, igual temos que esperar 2 anos máis. E paréceme moi ben que digan que aumentaron persoal pero se no 2015 tiñan 15 persoas, no 2022 teñen 16 persoas. Se eso é aumentar persoal, veña ben que o diga, acláremo, traigáme documentación. Presénteme documentación. Ah, hoxe créelles, o que dixeron o outro día na prensa no.

-Sra.alcaldesa: un segundo... a esa aclaración que acaba de facer voulle pedir á secretaria desta mesa que diga cantas persoas forman o equipo

-Sr.Castrillón Permuy: que estén activas, que estén activas.....bombeiros, clasificación de bombeiros que é moi distinto. Sra.alcaldesa, non queira interrumpir nin queira coaccionar.....nin enganar á xente.....

-Sra.alcaldesa: só un segundo. O que estou facendo é : vostede está pedindo unha aclaración que evidentemente para que conste e que non lla faga unha persoa política, para que un técnico que está nesta mesa, que neste caso, é a secretaria do concello, lle faga esa aclaración.

(Por min, informase que na RPT actual, hai 20 bombeiros conductores, na RPT actual).

-Sr.Castrillón Permuy: e en efectivo, funcionando, traballando?

(Por min, respóstate que ata onde eu sei , 4 son interinos e os demais son persoal fixo de carreira).

-Sr.Castrillón Permuy: ... o que nos quere é dar uns datos que non son os correctos, Sra.alcaldesa. Unha vez máis falando dos hidrantes, Sr.Román, se olvida do polígono de As Lagoas. Xa llo expliquei no pleno de xullo de 2021, cando lle dixen que se olvidaba de As Lagoas e se olvidaba da Gándara. Só me puxo o polígono do Río do Pozo. Sabe por qué? Porque efectivamente alí si que teñen algún. Pero tamén lle digo que cando houbo incendio non funcionaron, que tiveron que ir a unha empresa privada. E se é así, por que o outro día tiveron que vir 2 camións de Urbaser con auga ao de As Lagoas? Home, sexamos razoables e digamos as cousas como son. E non queiramos enganar.

E me fala de que o plan de emerxencia municipal, sabe que o aprobaron no 2012, que é un “copia e pega” do de Muxía, que hai sitios que falan de 2 polígonos e noutro sitio de 3, e despois falan dos ríos, falan do concello de Muxía, e dende o ano 2012 cando di que o hai que revisar todos os anos, non se volveu a revisar. E vostede hoxe me ven aquí e me di que están con eso? Home, non nos queira enganar unha vez máis. Porque o fixeron no pleno de 2021 e o queren seguir facendo agora.

E das preguntas que lle fixen non me contestou ningunha. Quen dirixiu a intervención de incendio no Polígono de As Lagoas? Quen é o responsable de que se tarde 40 minutos en avisar aos bombeiros de Ferrol? Vostedes se dan conta que están xogando con vidas humanas, que están xogando coa vida dos veciños e coa vida dos propios bombeiros, quen vai ser se mañá hai que rescatar eses 2 bombeiros, ou 1 bombeiro.... quen os vai rescatar? Os que están na casa? Vannos ir rescatar esos? Esa é a realidade. Ese é o servizo que vostedes quixeron poñer en funcionamento en Narón.

Pois fagan un estudio técnico que eu non estou en contra de que poñan en funcionamento o servizo. Nin moito menos, fagan un estudio técnico da realidade, do que se necesita, das condicións en base ao que é Narón e aproben o regulamento correspondente.

Dime vostede a min, polo que falou, que non a votar a favor de que se modifique o regulamento. Entonces que seguimos, na mesma situación. Temos un proceso aberto para cubrir unhas prazas ... de profesionais. Espero que me conteste.

E o Sr.Pablo Mauriz, que é o responsable de persoal, tamén ten algo que decir neste, porque con vostedes estiveron reunidos varias veces, tamén ten que decir algo desto. Tamén ten responsabilidades políticas. E non me diga vostede que a responsabilidade é de Cosma, non, a responsabilidade é do político que ten que encargar o traballo, e que ten que velar porque as cousas funcionen neste concello. A empresa fará o que lle encargan e non se olvide que a empresa Cosma é unha empresa mixta privada, pública-privada. O 51% é do concello. Entonces a presidenta é a Sra.alcaldesa. Non se olviden deso. Non queiran enganar á xente que está aquí. Nin queiran enganar despois co que esté redactado na acta. Porque como son o goberno, pois claro. Parece máis crible que a oposición, pero están equivocados. Somos cribles porque estamos demostrando día tras día, e mes a mes, de que temos razón en todo o que propoñemos.

De que ao final teñen que vir detrás do que propuxo a oposición, xa non vou decir só o Partido Popular. Digo a oposición deste concello e despois queren vendelo como que o fan vostedes. Como que é idea de vostedes. No, copian a idea da oposición porque non teñen ideas novas e están caducos no goberno. Esa é a realidade e como vexo que o Pleno, pois igual non vai polos cauces que eu desearía, porque estase limitando un pouco a actuación Sr.Román, vostede non está facendo o seu traballo. Non é capaz de xestionar un servizo tan importante para o conxunto dos veciños de Narón, como é os SPEIS, está permitindo que non cumpla coas necesidades que reclama o persoal adscrito a eses devanditos servizos. Así como as prestacións que se realizan aos veciños. Falta á



verdade unha vez máis, aquí hoxe. E non contesta ás preguntas que lle fan. Polo tanto, vostede ten responsabilidades políticas.

Sabe o que ten que facer? Dimitir. E lle pedimos a dimisión dende esta bancada. Esa é a pura realidade. Vostede ríase porque ten a máscara, pero eu ben vexo que vostede se ríe. Vostedes ríanse, pero nós non imos a parar aquí. Ou esto sae aprobado hoxe ou non imos parar. Así o decimos claramente e non os imos a enganar porque non nos gusta enganar a ninguén. Gústanos ir coa verdade por diante.

E Sr.Pablo, a vostede igual llo digo. Vostede é responsable de persoal, que está permitindo cos bombeiros actúen sen cumprir os requisitos mínimos, no plan de riscos laborais. Vostede é responsable deso. É o político que ten que vixiar e xestionar para que se cumpla ese proceso. E vexo que se olvida deso. Polo tanto, o mesmo lle digo. O mesmo lle digo. Que debe de dimitir. Por responsabilidade política, porque esa é a realidade. E non podemos seguir mirando, neste caso, xa non só se poñen de perfil, se poñen de espaldas á realidade. E queremos que se cumpran eses 4 puntos que poñemos tal cual están escritos aí. Así de claro.

E creo que ademais por dignidade política, non debían de botar 1 día máis nos seus postos. Porque están enganando á cidadanía de Narón. Esa é a realidade. E non están facendo o seu traballo. E vostedes si están cobrando do concello. E algún incluso cobra 2 soldos. Non só un, dous. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: grazas Sra.alcaldesa. Román falou de moitas cousas, falabas de prazas, o que se vai é consolidar prazas que xa existen; por certo, de persoas que marcharon e máis persoas que van marchar se poden acceder a outros parques, a outro tal, tal e como está a situación hoxe en Narón a respecto do servizo de bombeiros. E falas de que aquí, no, esta especie de cidade-estado que sempre se quere montar Terra Galega que é mentira porque ao final se depende doutras administracións pero o que si é verdade é que somos a oitava poboación deste país, o oitavo orzamento deste país, que somos casi 40 000 habitantes, que temos 3 polígonos industriais, e que 3 persoas por quenda non son suficientes, porque se por exemplo, unha pregunta que fixemos no anterior pleno, aí están retirando un niño de velutinas e se lle chama para unha urxencia coma a de As Lagoas sen os traxes, sen tal... como se actúa? Parécenos normal que a xente teña que saír da súa casa con roupa de rúa a poder axudar a apagar un incendio como o que aconteceu nas Lagoas? É normal que se tarda 40 minutos do de Ferrol? É normal que nese incendio non houbera hidrantes no lugar e se tivera que traer auga de fóra? É normal iso? Hoxe dixeron un dato dos hidrantes, falan do informe de Cosma, home, eu voto, porque ademais o Bloque Nacionalista Galego vota a favor de que a presidenta de Cosma e que para certas cousas é a alcaldesa, cousa que nos parece normal porque é a alcaldesa, estannos decindo de que Cosma non ter que ver con este concello? Pois entonces haberá que empezar a pensar na xestión da auga dun servizo fundamental que ben que pagamos tamén do Concello de Narón, igual tamén teñen que facer políticas ao respecto deso. E falan de que pagan, é mentira, hai subvencións e está ben que as haia; de feito, moitas das dotacións deses servizos se conseguiron a través de subvención. Gustaríanos saber se este ano as subvencións para adquirir máis material no Parque de Bombeiros, se vai facer ou se perderon como temos escoitado, tamén por non facer o traballo de xestión ou esquecerse o concelleiro de que había que facelo. Tamén nos interesaría saber sobre eso.

E logo aparte sobre o tema de prevencións, non respondeu a ningunha das preguntas que fixemos antes, tamén nos gustaría saber por que existindo no Concello de Narón un departamento de prevención dentro do propio SPEIS e un departamento de prevención municipal, os EPIS dos bombeiros non se revisan en tempo e forma, como tamén teñen actuado en certas intervencións con EPIS que non tiñan a revisión feita en tempo e forma, se nos poden responder sobre eso. Como é posible que hoxe en día o persoal que se incorporou de maneira interina non recibira

ningún tipo de formación? Non superaron ningún tipo de probas ou o que é máis grave, nin tan sequera foron sometidos a unha revisión médica. O outro día tamén preguntamos pola formación porque esto se fai en todos os parques de bombeiros deste país. Onde vai a formación indispensable para un servizo que salva vidas, para un servizo indispensable na oitava poboación deste país e que conta con 3 polígonos industriais. Falemos de maneira seria. Hoxe hai aquí persoas afectadas por incendios ou temos que falar e decirlle ás persoas empresarias do outro día de As Lagoas, que por que se actuou da maneira que se actuou? Porque ao final cando pasa unha emerxencia vese ese tipo de cousas. E poderíamos seguir falando longo e tendido de todo isto, pero é que ao final, é verdade, ao mellor actúan así para que nos cansemos porque preguntamos, pasamos por Rexistro, se sacamos algo na prensa e si hai unha resposta decindo “estes non teñen nin idea de nada, que vergoña ou tal...” ou ir o boca a boca para intentar tal... pero ao final, ao final, o que temos é un servizo indispensable que están traballando en mínimos e ao final detrás deso hai persoas. Entonces, por favor, que sexa este un punto de inflexión. Pedímosvolo por favor, para poder seguir facendo cousas, senón haberá que continuar na loita. Pero moito nos dá que esas prazas de consolidación das que vostede falou, en breve, van ter que buscar outras novas porque se terminará marchando, casi que todo o mundo, por non estar nas condicións necesarias.

Por que non responden ás solicitudes realizadas por escrito dos bombeiros? As nosas tardan un pouco en responder, pero por que non lles responden as moitas preguntas que pasaron por Rexistro deste concello e non hai resposta? Por que non hai esa resposta?

Ou cando responden, responde o de prevención do concello, se se supón que hai outra persoa que ten que facer ese traballo, no SPEIS? Tamén nos gustaría saber todo ese tipo de cuestións e se non pois queda demostrado a ineptitude do voso traballo.

-Sr.Romero Franco: empezou facendo a súa intervención falando de seriedade. E acabou casi decindo que mentíamos e que ... Sorpréndeme cando empeza decindo que só hai 15 postos de traballo de bombeiro-conductor, nunca mentín, e nunca mentirei. E para eso nos basamos en informe técnicos, que según vostede, non quero pensar que vostede está insinuando que eses informes como é xente que traballa no concello ou como é unha empresa que é mixta, fan os informes a solicitude nosa de cómo teñen que ser eses informes.

Evidentemente nunca mentín nin nunca o farei. Todo o que dixemos e todo o que explicamos é unha realidade, e o que máis me entristece de todo isto, é a utilización política deste servizo. Dende sempre e o dixemos antes, a nosa intención sempre foi mellorar este servizo, eles o saben.

Non chegaremos a un acordo hoxe, non chegaremos mañá, pero ao final o conseguiremos. Segurísimo. Conseguiremos que sexa un servizo nas mellores condicións posibles e conseguiremos que eles estén contentos. Segurísimo que o conseguiremos. Se non é dunha forma é doutra. Non fai falta que vaiamos á loita nin a guerra, non fai falta, non é necesario, nada deso. O conseguiremos. Estou seguro. Nos levará máis tempo ou menos tempo, evidentemente coas condicións que nós temos. Somos conscientes do concello que somos, sabemos tamén da poboación que somos e os servizos que temos. Pero tamén temos un presuposto e temos un concello enteiro que xestionar. Non só un servizo específico. Entonces chegaremos a eses acordos, non vos preocupedes, chegaremos a eses acordos.

Pero me entristece, realmente me entristece a politización que se está facendo deste servizo e espero que non se siga facendo este tipo de oposición e sobre todo xogando coas persoas que temos aquí. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas, Sra.alcaldesa. A verdade é que non nos aclara nada nin nos di nada. Só di que non minte, pero os resultados son outros. O que se está vendo, porque vostede na prensa dixo unha cousa que está escrito aí na prensa, e resulta que nas Lagoas non hai hidrantes e nos quere contar que houbo un problema no hidrante que estaba alí. No, é unha boca de rego, non é un hidrante. Esa é a realidade, Sr.Román.

E despois, quen está facendo uso político desto foron vostedes no 2015 e no 2018 e agora efectivamente, no hai un estudio técnico onde se recollan as necesidades que ten este concello e



entonces claro, ao final, é un tema económico. E vostede dirá que chegaron a un acordo, claro, despois de loitar como están loitando os bombeiros, porque levan xa un tempo, eh. Non é cousa de hoxe, levan un tempo.

Nós empezamos antes do 2021, no 2021 metemos unha moción para intentar arreglalo, vostedes votan en contra, non traendo un informe aquí porque do informe que fala vostede, non está As Lagoas, e outra vez hoxe volve a mentir, entón non está contando a realidade. No, Sr.Román, no, vostede ten que marcharse. Por dignidade política, vostede ten que marcharse. E non debía botar un día máis aquí, e despois de vostede, o Sr.Pablo.

E gustaríame que os señores do PSOE dixeran algo porque hoxe, se non sae adiante esto, é porque os señores do PSOE non se poñen ao lado dos traballadores que é un partido que di “que defende ao traballador” : pois hoxe teñen unha opción, non dixeron nada. Espero que digan algo agora neste último turno. Porque a necesidade deste é urxente, non podemos esperar a que vostedes, “ si que o vou a arreglar”, cando? No 2024, no 2023, cando o vai arreglar? Se non lle queda tempo. Sr.Román, non lle queda tempo xa para arreglalo. Non lle queda tempo. Non o arreglou e vaino a arreglar agora.

Despois do que levan loitado, e que se ven na obriga, porque posiblemente o xulgado lles dea a razón e eso xa o teñan que arreglar de inmediato, é penoso, dun servizo que vostedes tanto queren fardar del e vendelo tal, tal e que teñan que ir ao xulgado para conseguir unha recompensa , no,... os seus dereitos laborais e despois os seus dereitos económicos. É triste, e vostede hoxe nos vende aquí un discurso de, bueno, aquí somos demasiado e resulta que estes señores teñen que ir ao xulgado para conseguir eso? Claro, que cando lles veña a sentenza do xulgado non lles queda outra solución, máis que cumprila. Non pretenderán recurrila!

Esa é a realidade, espero e desexo que os señores do PSOE, que sexan conscientes de que estamos defendendo un corpo moi importante e moi necesario para os traballadores así como o BNG, que tamén creo que está nesa situación e como estamos nós o Partido Popular.

Eso é o que desexamos. Que voten a favor para conseguir que esto saia adiante e se solvente o máis pronto posible, porque non podemos seguir xogando coas vidas humanas. Porque hoxe estamos aquí e ao mellor mañá temos un problema, ou antes de mañá xa, gordo. E parece que vostedes non o queren ver. E gobernar é xestionar. Non é estar no sillón. É xestionar. Eso é o que hai que facer.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: bueno, pasamos entón a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:

TEGA: En contra 9

PP: A favor 6

PSdeG-PSOE: En contra 2

BNG: A favor 2

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 12:45´ horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4